

CLUB DE MONTAÑISMO "MONTAÑAS DE TREVINCA"

REUNIDOS en Vilanova de Trevinca, 25, A Veiga, o día 10 de abril do 2022, os/as socios/as que a continuación se relacionan:

1. Antonio Fernández Pena. **Presidente**
2. Marcos Pérez Rivas. **Secretario**
3. Mónica Rodríguez Fernández. **Tesoureira**
4. Juanjo Lorenzo Veigas. **Vogal de Montaña**
5. Laura María Gonçalves Pires (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
6. María do Carmo Dias da Cunha (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
7. Carla María Botelho Rodrigues (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
8. Javier Pacoret Balsa (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
9. Pulo Alexandre Botelho Rodrigues Pires (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
10. Xosé Martínez Reboredo (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
11. Juan Tojo García (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
12. Francisco Pisón Villapol (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
13. José Alonso Moreira (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
14. Luís Lorenzo Cuervo (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
15. María del Carmen Álvarez Brime (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
16. Visitación Isaura Suárez Gómez (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
17. Sonia Amatriaín Suárez (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)

e unha vez comprobado polo secretario o quórum necesario e totalizando un número de socios/as asistentes de 17, entre presentes e delegados/as, se abre a sesión (en segunda convocatoria) cando son as 20:00 horas, pasándose a desenrolar os seguintes puntos do día enviados con anterioridade na convocatoria desta asemblea:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Como a acta da anterior Asemblea Xeral Ordinaria está publicada no taboleiro da nosa web, non se considera que haxa que lela nesta asemblea, quedando aprobada por unanimidade sen que se fagan achegas.

2. Explicación da actual situación COVID19 (Actividades, atraso asemblea, normativa, etc..)



Neste punto o Presidente explica que a normativa está alcanzando case a normalidade do ano 2019. Unicamente se manterán certas precaucións en espazos cerrados e desprazamentos con transporte colectivo.

Non procede votación.

3. Aprobación se procede da memoria e balance económico do exercicio do pasado ano 2021

A tesoureira informa e comenta o balance de situación de ingresos e gastos do pasado ano 2021. A día 31 de decembro do 2021 o clube ten na súa conta bancaria un total de 3017,67 €.

As contas se reflicten nesta acta para que quede constancia das mesmas.

	<u>INGRESOS (con IVE)</u>	<u>GASTOS (con IVE)</u>	<u>DIFERENZA</u>
			
Vilanova de Trevinca 31 de decembro do 2021			
<u>BALANCE DE SITUACIÓN - CONTAS DE INGRESOS E GASTOS - 2021</u> <u>CLUBE DE MONTAÑISMO "MONTAÑAS DE TREVINCA"</u>			
Ingresos por cursos e actividades	430,84 €		
Cotas Socios	1.923,00 €		
Licenzas Federativas	4.204,00 €	4.918,00 €	-714,00 €
Seguros Individuais Actividades	18,00 €	18,00 €	
Aportación Xunta Directiva	80,00 €		
Devolución en tarxeta	12,50 €		
Devolucións actividade non realizada		140,00 €	
Gastos e Comisións bancarias		181,31 €	
Gastos liq.remesas		49,50 €	
IVE (liq. remesas)		10,19 €	
Seguro RC e de accidentes		764,13 €	
Impresións, cartelería, etc.		38,35 €	
IRPF, retencións (Impostos)		884,82 €	
Xestoría		230,09 €	
Gastos responsables actividades		322,22 €	
Terra Deporte e Aventura SL		556,64 €	
Correos		55,10 €	
Donacións		71,00 €	
eDixitos fact A21_209		124,39 €	
TOTAIS	6.668,34 €	8.363,74 €	-1.695,40 €
DISPONIBLE EN CONTA 01-01-2021			4.713,07 €
DISPONIBLE EN CONTA 31-12-2021			3.017,67 €
CAIXA EFECTIVO 01-01-2021			0,00 €
CAIXA EFECTIVO 30-12-2021			0,00 €
DIFERENZA ANUAL*			1.695,40 €
			
		Fdo: Mónica Rodríguez	
		Tesoureira	

As contas son aprobadas por unanimidade.

4. Aprobación se procede, do orzamento do presente ano 2022

A Tesoureira informa da previsións de ingresos e gastos para este ano 2022. Tamén comenta que neste ano 2022 é complicado facer un orzamento axustado debido a incertidume que estamos a sufrir a causa das condicións meteorolóxicas, o cal afecta as actividades previstas. Con relación ao importe do imposto de sociedades comenta tamén que a asesoría nos deu unha estimación de 444 € a adiantar debido ao cambio de normativa, pero esta cantidade pode modificarse debido a que non se abre o prazo de presentación ata o 1 de xullo. Esta data é posterior a data da celebración desta asemblea.



Clube de montañismo Montañas de Trevinca

PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS ANO 2022

Estimación de ingresos:

Cotas de socios	1.950,00 €
Actividades	500,00 €
Tramitación de licenzas federativas	4.700,00 €
Seguros individuais por actividades	80,00 €
Total	7.230,00 €

Estimación de gastos

Tramitación de licenzas federativas	4.700,00 €
Pagos responsables das actividades	700,00 €
Seguros de RC	750,00 €
Gastos correntes oficina/fotocopias/etc	100,00 €
Xestoria	265,00 €
Impostos	200,00 €
Impostos Sociedades*	444,00 €
Comisións bancarias	320,00 €
Dietas e quilometraxes	200,00 €
Dominios, web, etc	150,00 €
Programa de administración	250,00 €
Clausura actividades	150,00 €
Total	8.229,00 €

*Adianto do Imposto de Sociedades

En Vilanova a 2 de xaneiro de 2022

Asdo: Mónica Rodríguez

Tesoureira

Este orzamento se aproba polos presentes por unanimidade.

5. Memoria das actividades do pasado ano 2021

O presidente informa sobre as actividades realizadas no pasado ano 2021, presentando o documento de memoria de actividades.

O presidente informa tamén sobre o número de participantes nas actividades do 2021, comentando que foi moi complicado realizalas polos continuos cambios nas normativas sanitarias e de mobilidade.

Esta opinión é compartida polos asistentes.

6. Programa de actividades do ano en curso

Os presentes acordan facer un calendario para estes próximos tres meses, a partir de agosto se reunirá a Xunta Directiva para realizar o calendario ata final de ano.

En maio se farán dúas actividades, o 8 de maio “Entre Vales – Vales glaciares de Trevinca”, e outra o 28 de maio de ornitoloxía. O 18 de xuño se fará o día da Montaña Galega e a noite do 16 ao 17 de xullo a Marcha Nocturna. Acórdase por unanimidade facelo desta maneira e segundo vaia avanzando o ano facer o resto do calendario.

7. Comunicación do listado de socios/os, altas e baixas

O Secretario da conta do actual listado de socios e socias do club, que neste momento conta cun total de 139 asociados e asociadas, comentando tamén as altas e baixas rexistradas ata o día de hoxe. Neste número de socios/as están contabilizados os dous socios aos cales se lles deu de alta gratuíta por catro anos Araceli e Diego.

Neste cómputo total de asociados/as tamén hai 7 aos cales se lles enviou un correo electrónico para que confirmen se continúan esta anualidade 2022, pero inda non houbo resposta.

Se acepta por unanimidade o listado actual de socios e socias comunicado polo Secretario.

8. Posible convenio do GES de A Veiga.

O Presidente comenta o resultado da reunión celebrada en A Veiga co responsable do GES de A Veiga na cal se tratou a posibilidade de dar formación dende o clube a dito grupo. Esta formación consistiría en cursos de orientación, coñecemento de rutas ou outros que sexan de utilidade para a realización do seu traballo como persoal de atención cidadá e seguridade en montaña.

9. Rogos e preguntas

O Secretario comenta a posibilidade de mercar un programa de xestión do clube, tema que xa se tratou noutra ocasión, para facer unha tarefa de xestión de socios/as máis eficaz.

Con este rogo tódolos presentes están de acordo, deixando da man do Secretario a decisión de adquisición de dito programa informático.

Non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión cando son as 21:45 horas. O Sr. Presidente firma comigo esta acta, o Secretario, que dou fe.

Secretario

V° B° Presidente

Marcos Pérez Rivas

Antonio Fernández Pena

En Vilanova de Trevinca, a 10 de abril do 2022.